

## INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORIA DAS CONTAS ANUAIS DA SOCIEDADE PARA OS EXERCICIOS 2023, 2024 E 2025

### 1. NECESIDADE DO CONTRATO E IDONEIDADE DO SEU OBXECTO

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA (SPI Galicia), foi creada mediante o Decreto 56/1997 de 6 de marzo, publicado no DOGA do 20 de marzo de 1997, e ten a consideración de medio propio personificado da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico. Na actualidade ten como obxecto social:

"Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome proprio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuación, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, logo de autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmobilres, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

Así mesmo, a sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construcción, conservación e explotación deste. Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que lle sexa aplicable polo carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo. Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrencia propios de contratación administrativa".

Por este motivo e segundo o disposto no artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, nos expedientes de contratación tramitados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e polas entidades do sector público autonómico incluirase un informe do órgano ou servizo propoñente do



contrato no que se xustifique a necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, no que se indique con precisión a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, así como a xustificación do procedemento elixido, a clasificación esixida, os criterios de adxudicación, as condicións especiais de execución, as condicións mínimas de solvencia, o valor estimado do contrato, es os parámetros para apreciar o carácter anormal ou desproporcionado das ofertas.

SPI Galicia, SA é unha Sociedade sometida ao Decreto lexislativo 1/2010 , do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, que no seu artigo 263 preceptúa :

**1.** As contas anuais e, no seu caso, o informe de xestión deberán ser revisados por auditor de contas.

**2.** Exceptúase desta obrigación ás sociedades que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dous das circunstancias seguintes:

- **a)** Que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros.
- **b)** Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros.
- **c)** Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a cincuenta.

As sociedades perderán esta facultade se deixan de reunir, durante dous exercicios consecutivos, dous das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

Polo tanto, dadas as cifras de facturación anual e volume total de activos de SPI Galicia ten a obriga de auditar as súas contas anuais.

O artigo 8.1 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico esixe que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico realízen as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes.

Cando os medios dos que dispoñan, tanto a Administración Xeral da Comunidade Autónoma coma as entidades instrumentais do sector público, resulten insuficientes para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan. De acordo co artigo 8.4 da Lei 14/2013, só poderán acudir á contratación externa cando a autoprovisión non resulte viable, por non poder ser cumpridamente satisfeitas as necesidades que se pretendan cubrir por outros órganos ou entidades instrumentais do sector público, debendo xustificar este extremo no expediente de contratación



correspondiente. A Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza (DOG. Núm. 7, do 13 de xaneiro de 2015), inclúese a auditoría de contas como prestación suxeita a autoprovisión, sendo a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma o centro directivo encargado do servizo.

Por isto, a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA enviou á División de Auditoría Pública e Control Financeiro, integrada na Oficina Galega de Auditoría e Control (OGAC) un escrito con data 11.05.2023 solicitando á Intervención Xeral a prestación do servizo de auditoría das súas contas anuais para os exercicios 2023, 2024 e 2025. A resposta da OGAC foi a de que non podía satisfaer de forma completa a prestación do servizo de auditoría de contas de SPI Galicia, SA nese período xa que os medios dos que dispón dedicaranse a tempo completo á reslización de auditorías de cumprimento de sistemas aprobadas nos respectivos plans de control da oficina. Por este motivo SPI-Galicia, S.A. procedea contratar externamente a auditoría por un período de tres anos sen prórroga.

O obxecto do contrato é a realización da auditoría das Contas Anuais da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA. pertencente á Xunta de Galicia, para os exercicios 2023, 2024 e 2025.

Os servizos contratados deberán axustarse ás disposicións legais vixentes e ás Normas de Auditoría xeralmente aceptadas publicadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

O auditor deberá ser responsable de formar e expresar a súa opinión sobre as contas anuais da sociedade formuladas polo Consello de Administración da Sociedade, sendo responsabilidade da Sociedade a preparación das mesmas e do seu contido, o que inclúe o mantemento de rexistros contables e sistemas de control interno adecuados, a elección e aplicación dos principios e normas contables apropiados e a salvagarda dos ativos da sociedade.

A finalidade do exame a realizar, consonte as normas de auditoría xeralmente aceptadas, consistirá na revisión dos mencionados estados financeiros, co obxecto de expresar unha opinión profesional sobre se os mesmos presentan adecuadamente a situación financeiro-patrimonial da Sociedade ao 31 de decembro de 2023, 2024 e 2025, de conformidade cos principios e criterios de contabilidade xeralmente aceptados. Esta tarefa terá que ser realizada por un auditor inscrito no ROAC (Rexistro Oficial de Auditores de Contas).

## 2. PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento Aberto Simplificado (art. 159.6 da LCSP), e a súa tramitación realizarase de xeito ordinario ao non existir unha necesidade específica que motive unha tramitación urxente.

## 3. DIVISIÓN POR LOTES

O artigo 99.3 da LCSP establece con respecto á división en lotes do obxecto do contrato: "sempe que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa



división en lotes, podéndose reservar lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta. Non obstante, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de concesión de obras."

Neste caso, o obxecto de contratación relativo ao Servizo de Auditoría de Contas Anuais para os exercicios 2023, 2024 e 2025 non procede a división por lotes, pois a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto de contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Ademais dada a natureza do obxecto do contrato, a necesidade da coordinación da execución das diferentes prestacións veríase seriamente imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluradidade de contratistas diferentes.

#### 4. DURACIÓN DO CONTRATO

O prazo de execución do contrato será o necesario, en cumprimento da normativa vixente, para a emisión dos correspondentes informes de auditoría da Sociedade Pública de Investimentos para os anos 2023, 2024 e 2025 e estenderá a sú vixencia desde o día seguinte da sintura do contrato ata a data límite do depósito das contas do ano 2025 (30 de xullo 2026).

O contrato non será obxecto de prórroga.

#### 5. PRESUPOSTO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Os costes directos que se soportan nos contratos de servizos son esencialmente os costes salariais do persoal. Ademais establecéñense uns costes de estrutura do 13% e un beneficio industrial do 6%.

Por isto, establecéñese a seguinte estructura de costes para este contrato:

<b>Costes Directos:</b>	
Costes de persoal:	81%
<b>Costes indirectos:</b>	
Gastos de estrutura:	13%
Beneficio industrial:	6%
<b>TOTAL:</b>	<b>100%</b>

Para comprobar que as porcentaxes indicadas cubren os costes anuais do contrato, terase en conta o estudio dos costes mínimos reflectidos no "CONVENIO COLECTIVO DE EMPRESAS DE CONSULTORÍA E OPINIÓN PÚBLICA" publicado no BOE do 26 de xullo de 2023. Asimesmo, atenderase á realidade do mercado actual en relación a este tipo de servizos.



O convenio indicado establece unha xornada anual de 1.800 horas e os costes laborais (incluídos salario base e complementos) para as categorías e perfiles ás do presente expediente de contratación. O convenio tamén establece o complemento de atigüidade, que se fixa en 3 trienios para o perfil de xefe/a auditor/a e en 2 trienios para o perfil de técnico/a de auditoría. Ademais, estímase un coste de seguridade social medio do 35% da base de cotización.

Perfil Solicitado	Categoría do convenio equivalente	Salario Base (€)	Plus Convenio (€)	Complemento antigüidade (€)	Total (€)	Total Custos Seg. Social (35%)	Total Convenio (€)	Custo (€)/hora
Xefe/a auditor/a	AREA 4 Grupo A Nivel I	26.592,86	2.366,48	3.988,93	32.948,27	11.531,89	44.480,16	24,71
Técnico/a de auditoría	AREA 4 Grupo c Nivel I	24.340,82	2.704,53	2.434,08	29.479,43	10.317,80	39.797,23	22,11

Os custos por perfil calculados deben permitir cubrir ao licitador, ademais dos custos directos de persoal, os gastos de estrutura e o beneficio industrial, polo que os costes unitarios finais son os seguintes:

Perfil Solicitado	Categoría do convenio equivalente	Custo por hora (€)	Gastos estructurais e beneficio industrial (19%)	Custo unitario total (€)
Xefe/a auditor/a	AREA 4 Grupo A Nivel I	24,71	4,70	29,41
Técnico/a de auditoría	AREA 4 Grupo c Nivel I	22,11	4,20	26,31

Este custos reflicten valores mínimos de referencia en base ao convenio que non se axustan á realidade actual das empresas, polo que o custo dos perfís debe ser superior. Deste modo, para estimar o custo de mercado tomouse como referencia o estudo de remuneración da consultora Michael Page 2023. Este informe recolle os prezos de mercado dos distintos perfís laborais en relación a varios sectores de actividade. Os custos para os perfís da presente licitación sería os seguintes:

Perfil Solicitado	Categoría do convenio equivalente	Salario Bruto /ano (€)	Total Costes Seg. Social (35%)	Total Convenio (€)	Custo/hora (€)	Gastos de estrutura e beneficio industrial (€)	Custo Total (€)/hora
Xefe/a auditor/a	AREA 4 Grupo A Nivel I	63.000,00	22.050,00	85.050,00	47,25	8,98	56,23
Técnico/a de auditoría	AREA 4 Grupo c Nivel I	40.000,00	14.000,00	54.000,00	30	5,70	35,70



Así os importes precio/hora que se empregarán na presente licitación son superiores aos recollidos no convenio de aplicación.

En base a estes custos/hora calculados, a determinación do presupuesto anual de licitación realizouse en base atendendo a dedicación necesaria estimada dos perfís requeridos:

Perfil Solicitado	Custo (€)/hora + gastos de estrutura e beneficio industrial	Horas de adicación ao contrato (horas/ano)	Orzamento base de licitación
Xefe/a auditor/a	56,23	80	4.498,40
Técnico/a de auditoría 1	35,7	70	2.499,00
Técnico/a de auditoría 2	35,7	70	2.499,00
			<b>9.496,40</b>

Polo tanto, o valor estimado do contrato é o seguinte:

	<b>TOTAL</b>	<b>IVE</b>	<b>TOTAL C/IVE</b>
Valor estimado do contrato (3 anos)	28.489,20	5.982,72	34.471,92

## 6. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA OU FINANCEIRA, E TÉCNICA OU PROFESIONAL E CONDICIÓNIS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

A solvencia económica e financeira, de conformidade co artigo 87 da LCSP, acreditarase mediante a declaración sobre o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos 3 últimos anos concluídos por importe igual ou superior a unha vez (1,0) do valor estimado do contrato.

A solvencia profesional, de acordo co artigo 90 da LCSP, acreditarase mediante:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos executados do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde co obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución, no curso dos últimos tres anos (3) anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Reputarase solvente ao licitador que acredite, nas condicións



sinaladas, a execución dun conxunto de servizos do mesmo tipo que o obxecto do contrato, e que supoñan, como mínimo, un importe anual acumulado no ano de maior execución dos TRES indicados, igual ou superior ao setenta por cento (70%) da anualidade media do contrato.

- Establecese un requisito de experiencia mínima de ter realizado, polo menos, dúas (2) auditorías referidas a cada un dos tres últimos exercicios pechados (2020, 2021 e 2022) correspondentes a empresas ou entidades das consideradas Gran Empresa segundo a Lei de Auditoría de Contas (LAC) 22/2015 do 20 de xullo.

## 7. TERRITORIALIZACIÓN

Os traballos, independentemente do territorio no que radique a sede do licitador, desempeñaranse esencialmente na Sede Social de SPI Galicia, SA, situada en Santiago de Compostela, A Coruña.

## 8. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

De acordo co establecido na LCSP, artigo 159.6 c), todos os criterios de adxudicación son cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e a adxudicación do contrato realizarase tendo en conta a mellor relación calidade-prezo. Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato, en orde de maior a menor importancia, serán os seguintes:

### a) OFERTA ECONÓMICA.....(Ata 82 puntos)

Resultará adxudicataria aquela empresa licitadora que presente a súa oferta más vantaxosa, que será a que incorpore o prezo mais baixo, salvo que se considere que a proposición inclúe valores anormais ou desproporcionados.

En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse de acordo cos criterios que a continuación se indican:

Orzamento de licitación-oferta presentada

Puntuación asignada= Pm x -----

Orzamento de licitación-oferta más económica

Pm= puntuación máxima deste criterio

### b) EXPERIENCIA DO EQUIPO AUDITOR .....(Ata 8 puntos)

Valorarase o incremento da experiencia do equipo mínimo auditor, a partir da inscrición no ROAC, por encima do mínimo esixido (5 anos).

Por cada ano de experiencia por riba dos 5 anos: .....0,8 puntos.



**c) MEDIDAS RELATIVAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL .....(Ata 10 puntos)**

Conforme ao artigo 51.1 da Lei 5/2021, de 10 de febreiro, de impulso demográfico de galicia, puntuarse ata 10 puntos, ás empresas licitadoras que dispoñan dun Plan de conciliación da vida laboral e familiar, no cal se recollan as seguintes medidas:

**• Flexibilidade na organización do tempo de traballo .....ata 5 puntos**

Flexibilidade horaria .....ata 2,5 puntos.

Reducción da xornada.....ata 2,5 puntos.

**• Melloras dos permisos legalmente establecidos .....ata 5 puntos**

Para acreditar a existencia e o cumprimento na empresa dos plans de conciliación, que se apliquen na execución do contrato, terase en conta, entre outros medios posibles, a existencia de certificados que acrediten estas cuestiós, como a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, ou Certificado de Empresa Familiarmente Responsable ou calquera outro certificado ou acreditación axeitado para estes efectos. Tamén se considerarán os acordos ou pactos cos traballadores/as a este respecto ou a inclusión na oferta de medidas de conciliación que se aplicarán na execución do contrato.

## **9. EXISTENCIA DE CRÉDITO**

A sociedade dispón do crédito orzamentario preciso para atender as obrigas que deriven para o órgano de contratación do cumprimento do contrato ata a súa conclusión.

Angela Bouzada Valverde

Coordinadora das Áreas SPI Galicia

Esther Souto Lareo

Téc. Económ. financeira SPI Galicia

